



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Aprobación do informe de estrutura de custos para a licitación da concesión de servizos das instalacións deportivas de San Diego e do Castrillón

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, en sesión extraordinaria e urxente, celebrada o 25 novembro, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta da estrutura de custos do contrato que consta anexado a esta proposta, co CSV 6B5P 3A5T 486Y 0M5I 1CJX, relativa á licitación do contrato de concesión de servizos das instalacións deportivas de San Diego e do Castrillón.

Segundo: Someter a dita proposta a información pública, mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, polo prazo de 20 días hábiles, que se computará de conformidade co previsto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este prazo computarase desde o día seguinte ao da publicación, e durante o mesmo as persoas interesadas poderán realizar as alegacións e suxestións que consideren oportunas. O documento sometido a información pública pode ser consultado no Perfil do contratante do Concello da Coruña, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.”

O referido expediente permanecerá exposto ao público, despois da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na Concellaría de Deportes, situada no Palacio dos Deportes de Riazor, na rúa Manuel Murguía, sen número, 15011 A Coruña, e no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>, durante o prazo de vinte días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación no citado boletín oficial, a efectos de exame e presentación de posibles reclamacións ou suxestións.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, o informe de viabilidade económica-financieira considerárase definitivamente aprobado.

Publícase para os efectos oportunos.

A Coruña, a 25 de novembro de 2025

O Concelleiro de Deportes

Manuel José Vázquez Martínez

2025/7879